



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

10 de xuño de 2010

Nº 9/10

METEOROLOXÍA

Durante a última semana baixaron as temperaturas e produxéronse precipitacións os últimos días, dende o 8 de xuño; as temperaturas baixaron a valores medios de 15-16°C e as precipitacións foron de aproximadamente 20 l/m²-día segundo as zonas.

Previsión

Durante este período Galicia continuará con precipitacións ata a xornada do sábado, recuperándose logo a influencia anticiclónica ao longo dos primeiros días da semana. As temperaturas serán baixas para a época do ano pero irán ascendendo paulatinamente ata acadar os valores normais.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

I₂-J (finalización da floración ou purga – callado maioritariamente)

Na meirande parte dos viñedos a purga esta rematada, polo que xa se observan as pequenas vagas tamaño perdigón nos viñedos.

Prácticas culturais

Continuar coas labores típicas nesta época: mantemento do crecemento das herbas e coidados culturais da vexetación (podas en verde nos pasillos, guiado e suxeción da gomariza, eliminación de chupóns,...), sobre todo no caso de non as ter feito.

Na foto pódese ver un viñado con sistema mixto de mantemento do solo moi empregado



nas empalizadas verticais: encespado nas calles e herbicida na liña de plantación.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Oidio (*Uncinola necator*)

Polo momento non se evidenciaron síntomas da enfermidade nos viñedos; á vista das baixas temperaturas que se produciron nos últimos días, neste momento **non se prevén condicións de desenvolvemento inminente.**



[segue D. O. Rías Baixas](#)



Mildeu (*Plasmopara viticola*)

Dende o 8 de xuño estanse a producir precipitacións e polo tanto condicións para a infección por Mildeu e, a vista da previsión climatolóxica, estas condicións van a continuar ata o día 11-12 de xuño. Debido á continuidade e persistencia das condicións en varios días é moi importante seguir as recomendacións de control que se especifican máis adiante.

Botrite (*Botrytis cinerea*)

Dende o punto de vista fenolóxico, o remate da purga xa non é tan sensible a este parásito como o de plena floración; sen embargo, **nas parcelas**

nas que todavía quedaban restos da floración (estambres e capuchóns florais) pegados as uvas recen cuaxadas, facilitouse a infección por Botrite debido a que as últimas precipitacións propiciaron que non se desprenderan ditos órganos. Ademais, este fungo

ten a facultade de permanecer e sobrevivir no acio, de forma saprófita, sobre estes órganos mortos dos restos da floración. Esta é a razón pola que, en canto as uvas volvan a ser sensibles durante a maduración, poderase reactivar a enfermidade, se se producen precipitacións nesa época.



Os acios mollados en floración son moi sensibles á Botrite

Excoriose

(*Phomopsis viticola*)

Continúan observándose

os síntomas da enfermidade na vexetación que xa estaba afectada dende as últimas semanas. Isto vai seguir acontecendo durante todo o ciclo vexetativo, polo que en próximos boletíns xa non reiterarase dita información. Tan só farase referencia cando os síntomas se observen nos acios debido a desecación do raspón no momento da maduración.

Recomendacións

Debido á **forte presión de Mildeu** (que aínda non de nova sintomatoloxía), propiciada polas últimas precipitacións que prevense continuarán ata a xornada do 12 de xuño, compre esquematizar as seguintes situacións de control:



[segue D. O. Rías Baixas](#)

a) Viñedo con data do último tratamento anterior ao 5 de xuño: tratar tan pronto como as condicións meteorolóxicas o permitan (ausencia de precipitacións) con un fitosanitario de acción stopante (teñen ata 2 días de acción curativa post-infección), con fitosanitario de tipo sistémico, penetrante ou a ciazamida entre os cuticulares. Se este tratamento realízase dende o 3º día en diante do comezo das precipitacións (8 de xuño), deberase renovar aproximadamente sobre o 17-19 de xuño, xa que se completaría o ciclo teórico de incubación do fungo das infeccións non detidas co anterior tratamento recomendado; este segundo tratamento daríase cun produto dos anteriores (tamén con acción erradicante e ou antiesporulante).

b) Viñedos con data do último tratamento posterior o 5 de xuño; sería ideal ter realizado o tratamento o 7 de xuño -xustamente antes das primeiras contaminacións- xa que dito tratamento detén as infeccións durante 4-5 días ata o 11 de xuño (efecto preventivo pre-infección dos fitosanitarios). Neste caso é necesario renovar o tratamento sobre o 19-21 de xuño.

Nos intervalos que se indican para a realización dun tratamento hai que prever se a climatoloxía vaino permitir, xa que se, conforme se acerca a data, prevense precipitacións, hai que adiantar dito tratamento antes de que se produzan; en caso contrario inmediatamente despois.

Debido ás **condicións no remate da purga para a Botrite**, de entre os anteriores produtos fitosanitarios para o control de Mildeu, é recomendable que leven tamén na composición o folpet, xa que este é preventivo para o control da Botrite. Pero **nos viñedos nos que coincidiron precipitacións e floración, ou uvas recen cuaxadas e non totalmente desprendidas dos restos de floración, recoméndase aplicar un tratamento específico para o control da enfermidade** cunha das seguintes materias activas: boscalida, ciprodinil, ciprodinil + fludioxinil, fenhexamid, iprodiona, mepanipirim, metil-tiofanato ou pirimetanil.

A presenza e persistencia de auga neste acio, con capuchóns florais sin desprender, fano sensible á Botrite.





D. O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

I₂-J (finalización da floración ou purga – callado)

A floración está rematada, excepto en variedades tardías, como a Sousón.



Estado fenolóxico: callado
Asoc. ADF Labrega Xoaniña



Estado fenolóxico: callado
Asoc. ADF Labrega Xoaniña

Prácticas culturais

Nestes días estanse a facer labores de enramado e de mantemento da cuberta de herbas, neste último caso en xeral a base de cortes.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

En follas os síntomas son escasos, apreciándose moi poucas manchas. En cambio os acios aparecían xa afectados dende o principio en moitos casos, sobre todo os últimos. Cos tratamentos aplicados a pasada semana logrouse deter o ataque, secándose as partes afectadas dos acios, continuando o resto deles crecendo con normalidade. Estes días xa se observan algunhas manchas de aceite en follas a causa das condicións meteorolóxicas.



Mildeu secando
Asoc. ADF Labrega Xoaniña



Mildeu en acio de Treixadura
Asoc. ADF Labrega Xoaniña

Oidio (*Uncinola necator*)

Non se observaron síntomas.



[segue D. O. Ribeiro](#)

Botrite (*Botrytis cinerea*)

Encóntranse danos por Botrite en folla, cos típicos ataques en forma angulosa. As condicións para o desenvolvemento da enfermidade están a ser óptimas polo alto grado de humidade e unha temperatura adecuada.



Mancha de Black rot en folla
Asoc. ADF Labrega Xoaniña



Botrite e Mídeu en folla
Asoc. ADF Labrega Xoaniña

Black rot (*Guignardia bidwellii*)

Estance a observar manchas en folla. Ata a data de elaborar este informe os danos non eran demasiado graves. Co aumento do grado de humidade que estase a acadar coas choivas destes días espérase un incremento da presión por este fungo.

Mosquito verde (*Empoasca* spp – *Jacobiasca* spp)

Durante a semana anterior, de tempo sen choivas, observouse a presenza deste cicadélido polas viñas da D.O., sobre todo nas que están preto de piñeiros, nos que acostuman a pasar o inverno. Os danos non xustifican aínda ningún tratamento, pero non debemos esquecer estar vixiantes, xa que a finais deste mes ou primeiros de xullo adoitan alcanzar unha elevada densidade de poboación.

Erinose (*Eriophyes vitis* ou *Colomerus vitis*)

Obsérvanse xa os típicos abullonamentos ou agallas producidos por este ácaro eriófito na parte superior das follas e o polvillo branco ou manchas afelpadas na inferior, onde se albergan as larvas, e que vase oscurecendo co tempo. Estas deformacións son a causa da hipertrofia que sofren os pelos cuticulares polas picaduras dos ácaros. Sen danos graves.

Recomendacións

A previsión meteorolóxica da semana anterior motivou a aplicación xeralizada de tratamentos contra enfermidades fúnxicas nos viñedos, co fin de telos protexidos antes do inicio dos días de choivas que estamos a atravesar. Unha vez terminadas, prevese que a partir de sábado ou domingo podería diminuír a posibilidade de choivas, recoméndase un novo tratamento antifúnxico.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

J (callado). Cun 10% en estado **I₂**(final da floración) e un 20% en estado **K** (tamaño chicharo).



[segue D. O. Ribeira Sacra](#)

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Os ataques de **Mildeu**, **Botrite** e **Black rot** de semanas anteriores poidéronse controlar en moitos casos, aunque coa presión das choivas destes últimos días e moi probable que aparezan síntomas novos destas enfermidades.

D. O. Monterrei

Estado fenolóxico

Moi variable, segundo as plantas foron afectadas o non polas xeadas do mes de maio. En xeral o estado fenolóxico maioritario e **I** (plena floración), aunque algunhas variedades, como Godello, están en estado **J** (callado).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Incidencia escasa de todas as enfermidades fúnxicas, aunque as choivas destes días farán que aparezan os síntomas co rapidez. Tampoco se observan problemas de artrópodos.



D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

Zona da Rúa: (a zona máis adiantada) **I** e principalmente **J** (callado).

Zona altas, como Seadur e Viladequinta: **I** (floración).

Zona de Rubiá: en Biobra concretamente, aínda non entraron en floración, estando en estado **H** (botóns florais separados).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

A xeadada do principio do mes de maio afectou moito as viñas en amplas zonas da D.O., deixándoas totalmente queimadas en moitos casos. Nestes días estanse recuperando. Nas parcelas menos afectadas, a vexetación é abundante, sendo necesario eliminar os chupóns e guiar a vara.

Ata os días previos a esta semana de choivas pola que atravesamos víronse ataques de **Mildeu** pero de pouca importancia, así como manchas de **Blac rot**.